



## Tres vitorias

### Description



**O PS poderÁ gobernar con toda tranquilidade pero a situaci3n de Portugal non permite alegrÍas e as voces que reclaman cambios estruturais na economÍa portuguesa para p3r fin aos tempos de incerteza son poderosas e influentes. Á¿ Como reducir o d3ficit p3blico e facer da sanidade e a educaci3n servizos eficientes? Á¿ Como facer m3is livi3n o estado e aumentar o emprego? O ciclo de recesi3n prov3n de 2002 e reverter a situaci3n non serÁ doado.**

O Partido Socialista (PS), liderado por Jos3 S3crates, acadou o pasado domingo unha vitoria hist3rica en Portugal, obtendo a primeira maiorÍa absoluta para a s3a formaci3n nunhas elecci3ns lexislativas. A magnitude da vitoria do PS foi proporcional Á intensidade da derrota do Partido Socialdem3crata (PSD), de Santana Lopes. Un 45,04% fronte ao 28,7%, nivel de respaldo suficiente para calibrar as posibilidades de subsistencia polÍtica do ex alcalde de Lisboa, obrigado a convocar un congreso extraordinario que se celebrarÁ nos pr3ximos meses. O que conta xa non 3 o seu nivel de apoio, en por si reducido, sen3n o nivel de rexeitamento que suscita a s3a figura e o seu rancio populismo. Lu3s Marques Mendes apunta como rival.

A onda expansiva desa catarse no epicentro da vida polÍtica portuguesa tivo outras manifestaci3ns salient3beis. En primeiro lugar, o CDS-PP, da man de Paulo Portas, ministro de defensa, non puido evitar que a corrente de retroceso tam3n o arrastrara, perdendo dous deputados e forzando a dimisi3n da s3a figura m3is representativa. Paulo Portas levaba sete anos liderando esta formaci3n, en tempos testemu3al, e conseguira transformala nunha opci3n de goberno. Nesta ocasi3n, aspiraba a saltar a barreira dos dous d3xitos e quedouse no 7,26%. Tivo, con todo, a coraxe e a decencia de exclu3r a s3a continuidade, nun exemplo de coherencia, por certo, tan ausente na polÍtica que se desenvolve no outro

estado da península. A fin de contas, soamente retrocedeu dous deputados.

En segundo lugar, a confirmación e ascenso da CDU. Jerónimo de Sousa, quen desenvolveu unha campaña tan esgotadora que no último debate fíxoselle literalmente a voz, evitou a desfeita da formación que lidera o Partido Comunista, beneficiado pola elevada participación, do 65% e superior ás expectativas, recollendo boa parte do voto de castigo da dereita e afincándose nunha terceira posición moi honrosa, seguido moi de preto polo Bloco de Esquerda (BE) de Francisco Louçã, que competía por esa mesma posición. Jerónimo superou con creces as feblezas do seu antecesor no cargo, Carlos Carvalhas e inxectou ánimo, tan necesario, nas filas comunistas. En terceiro lugar, cabe destacar precisamente o forte aumento do Bloco, que pasa de 3 a 8 escanos, cun 6,38 % do sufraxio (7,57 % para a CDU). O BE cumpriu a vontade as previsións e mesmo pode dicirse que as superou cabalmente; fallou, non obstante, no obxectivo de impedir a maioría absoluta do PS, o que lle resta capacidade de influencia. Por último, en cuarto lugar, cabe destacar, no seu conxunto, o xiro á esquerda da política portuguesa, moi pronunciado, abrindo un novo ciclo político que deixa á centrodereita en condicións moi ruinosas e unha esquerda na que os signos de renovación apuntan tempos de mudanza.

O PS podería gobernar con toda tranquilidade pero a situación de Portugal non permite alegrías e as voces que reclaman cambios estruturais na economía portuguesa para pasar fin aos tempos de incerteza son poderosas e influentes. ¿Como reducir o déficit público e facer da sanidade e a educación servizos eficientes? ¿Como facer máis liviano o estado e aumentar o emprego? O ciclo de recesión provocado en 2002 e revertir a situación non será doado.

Sócrates conseguiu o que nunca puido lograr nin Mario Soares nin Antonio Guterres, o seu mentor. Todo un éxito, maior do esperado. Social democrata de centro esquerda de inspiración nórdica, ninguén sabe se buscará e dará atopado un modelo escandinavo para Portugal. ¿Que Deus o ajude? Que Deus o ajude, como salientaba o editorial do Diario de Noticias na segunda feira.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

## IDIOMA

Galego

## Date Created

Febreiro 24, 2005

## Meta Fields

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 2005-02-24 00:00:00